

## IV MEDIO MARATÓN A CORUÑA21

A Coruña, 27 de maio do 2011

### NORMATIVA XERAL DA COMPETICIÓN

#### Art.1.- DATA

A Federación Galega de Atletismo e o Concello de A Coruña organizarán o vindeiro 27 de maio de 2012 na Coruña o **IV Medio Maratón A Coruña 21**

#### Art.2.- HORARIO

A saída da carreira, conxunta para os homes e as mulleres, terá lugar ás 10:00 horas do día 27 de maio no Cantón Grande da Coruña, sendo a chegada na mesma zona.

#### Art.3.- DISTANCIA

A proba celebrarase sobre a distancia de **21.097'50 metros**. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo e ten un perfil totalmente chan e por asfalto na súa totalidade. A proba disputarase nun circuito totalmente urbán completamente pechado ao tráfico rodado na súa totalidade.

#### Art.4.- PERCORRIDO

Realizaranse 3 voltas ó seguinte percorrido:

Saída en Cantón Grande diante do Obelisco. Cantón Pequeno (ida). Praza de Mina (ida). Sánchez Bregua (ida). Praza de Ourense (ida). Linares Rivas (ida). Primo de Rivera (ida). Praza da Palloza (ida). Avda. do Exército (ida). Xiro en Casa do Mar á Estrada do Porto (ida). Rotonda Porta de San Diego (ida). Estrada do Porto (ida). Entrada e saída ó Porto Pesqueiro de Oza. Estrada do Porto (volta). Rotonda Porto San Diego (volta). Saída da Estrada do Porto pola Casa do Mar (volta). Avda. do Exército (volta). Praza da Palloza (volta). Primo de Rivera (volta). Linares Rivas (volta). Praza de Ourense (volta). Sánchez Bregua (volta). Praza de Mina (volta). Cantón Pequeno (volta). Cantón Grande (volta). Avda. da Mariña (ida). Avda. de Montoto (ida). Rotonda Porta Real. Avda. de Montoto (volta). Avda. da Mariña (volta). Cantón Grande (volta).

A Meta estará situada 97'50 metros diante do davandito punto de Saída.

#### Art.5.- TEMPO DE CHEGADA

O tempo máximo para percorrer a distancia é de 2 horas e 30 minutos, polo que o control de chegada pecharase ás 12:30 horas. Pasada esa hora os corredores que permanezan en carreira deberán retirarse do circuito.

#### Art.6.- CATEGORÍAS (homes e mulleres)

- **Júnior**, nados/as en 1993 e 1994
- **Promesa**, nados/as en 1990, 1991 e 1992
- **Senior**, nados/as dende 1989 ata veteranos
- **Veteranos A**, entre 35 e 39 anos cumpridos na data da proba
- **Veteranos B**, entre 40 e 44 anos cumpridos na data da proba
- **Veteranos C**, entre 45 e 49 anos cumpridos na data da proba
- **Veteranos D**, entre 50 e 54 anos cumpridos na data da proba
- **Veteranos E**, entre 55 e 59 anos cumpridos na data da proba

- **Veteranos F**, máis de 60 anos cumpridos na data da proba

Segundo as normas de Competición da FGA autorízase a participación de atletas federados “estranxeiros” con licenza pola Federación Galega de Atletismo. Se non teñen licenza pola FGA só se autorizará a súa participación se se trata de:

- atletas portugueses, sempre e cando non foran internacionais polo seu país nos últimos 5 anos e nunha proba similar á que vai a participar.
- atletas residentes en Galicia, que deberán xustificar con permiso de residencia ou traballo.

En ambos casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo coa normativa IAFF e mostralo se fose requirido.

O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do atleta de cumprir estes requisitos, aínda que se obtén un premio, deberá presentar a documentación que permita acreditar estes supostos nun prazo máximo de 5 días.

### Art.7.- PREMIOS

| Categoría | Homes | Posto | Trofeo | Premio | Condición (1)                |
|-----------|-------|-------|--------|--------|------------------------------|
| Absoluta  | Si    | 1º    | Si     | 1200 € | Realizar 1:05:58 o menos (2) |
| Absoluta  | Si    | 2º    | Si     | 800 €  | Realizar 1:05:58 o menos     |
| Absoluta  | Si    | 3º    | Si     | 600 €  | Realizar 1:05:58 o menos     |
| Absoluta  | Si    | 4º    |        | 400 €  | Realizar 1:05:58 o menos     |
| Absoluta  | Si    | 5º    |        | 200 €  | Realizar 1:05:58 o menos     |
| Absoluta  | Si    | 6º    |        | 100 €  | Realizar 1:05:58 o menos     |

(1) En caso contrario, aplicarase unha rebaixa do 50%.

(2) Marca número 20ª do Ránking de España da tempada 2010/11.

(3) Con marcas superiores a 1:08:28 (50º do Ranking de España), aplicarase unha redución do 75% da cuantía dos premios.

| Categoría | Mulleres | Posto | Trofeo | Premio | Condición (1)                |
|-----------|----------|-------|--------|--------|------------------------------|
| Absoluta  | Si       | 1º    | Si     | 1200 € | Realizar 1:18:28 o menos (2) |
| Absoluta  | Si       | 2º    | Si     | 800 €  | Realizar 1:18:28 o menos     |
| Absoluta  | Si       | 3º    | Si     | 600 €  | Realizar 1:18:28 o menos     |
| Absoluta  | Si       | 4º    |        | 400 €  | Realizar 1:18:28 o menos     |
| Absoluta  | Si       | 5º    |        | 200 €  | Realizar 1:18:28 o menos     |
| Absoluta  | Si       | 6º    |        | 100 €  | Realizar 1:18:28 o menos     |

(1) En caso contrario, aplicarase unha rebaixa do 50%.

(2) Marca número 20ª do Ránking de España da tempada 2010/11.

(3) Con marcas superiores a 1:22:41 (50º do Ranking de España), aplicarase unha redución do 75% da cuantía dos premios.

## ATLETAS GALEGOS

| Categoría | Homes | Posto | Trofeo | Premio | Condición (1)                |
|-----------|-------|-------|--------|--------|------------------------------|
| Absoluta  | Si    | 1º    | Si     | 300 €  | Realizar 1:10:34 o menos (2) |
| Absoluta  | Si    | 2º    | Si     | 200 €  | Realizar 1:10:34 o menos     |
| Absoluta  | Si    | 3º    | Si     | 100 €  | Realizar 1:10:34 o menos     |

- (1) En caso contrario, aplicarase unha rebaixa do 50%.
- (2) Marca número 10ª do Ránking de Galicia da tempada 2010/11.
- (3) Con marcas superiores a 1:13:16 (20º do Ranking de Galicia), aplicarase unha redución do 75% da cuantía dos premios.
- (4) Serán considerados atletas galegos aqueles que presenten un certificado de empadronamento en algún dos concellos de Galicia.

| Categoría | Mulleres | Posto | Trofeo | Premio | Condición (1)                |
|-----------|----------|-------|--------|--------|------------------------------|
| Absoluta  | Si       | 1º    | Si     | 300 €  | Realizar 1:29:07 o menos (2) |
| Absoluta  | Si       | 2º    | Si     | 200 €  | Realizar 1:29:07 o menos     |
| Absoluta  | Si       | 3º    | Si     | 100 €  | Realizar 1:29:07 o menos     |

- (1) En caso contrario, aplicarase unha rebaixa do 50%.
- (2) Marca número 9ª do Ránking de Galicia da tempada 2010/11.
- (3) Con marcas superiores a 1:35:00, aplicarase unha redución do 75% da cuantía dos premios.
- (4) Serán considerados atletas galegos aqueles que presenten un certificado de empadronamento en algún dos concellos de Galicia.

## ATLETAS CORUÑESES (5)

| Categoría | Hombres | Puesto | Trofeo | Premio | Condición |
|-----------|---------|--------|--------|--------|-----------|
| Absoluta  | Si      | 1º     | Si     | 100 €  |           |

| Categoría | Mujeres | Puesto | Trofeo | Premio | Condición |
|-----------|---------|--------|--------|--------|-----------|
| Absoluta  | Si      | 1º     | Si     | 100 €  |           |

- (5) Empadronados no Concello de A Coruña. Para recoller os premios aos mellores coruñeses deberáse remitir a [secgeneral@fgatletismo.com](mailto:secgeneral@fgatletismo.com) certificado de empadronamento.

Os premios en metálico non serán acumulativos. En caso de duplicidade, abonarase a cuantía mais alta.

Para poder recoller os premios deberáse xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas, por medio do DNI os españois ou documento legal en vigor (pasaporte) os estranxeiros.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender a calquera posible reclamación, á organización resérvase a posibilidade de facer entrega dos premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición.

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Asemade entregaránse trofeos aos tres primeiros/as de cada unha das categorías indicadas no artigo 6.

### Art.8- INSCRIPCIONES

Los atletas podrán realizar su inscripción de la siguiente manera:

a) A través de la pasarela de pago insertada en la página online de la Federación Gallega de Atletismo [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), que estará operativa desde las 10:00 horas del 30 de abril hasta las 10:00 horas del 21 de mayo de 2012.

b) Cubriendo el formulario de inscripción y abonando la cuota de inscripción, en El Corte Inglés (Departamento de Deportes), hasta las 22:00 horas del 19 de mayo de 2012.

#### *Ubicación de los Centros El Corte Inglés*

##### ***Centro Ramón y Cajal***

- Departamento de Deportes (7ª planta)
- Ramón y Cajal, 57 y 59

##### ***Centro Casa del Agua***

- Tienda de Deportes
- Av. Manuel Murguía, s/n (Casa del Agua)

##### ***Centro Comercial Marineda City***

- Departamento de Deportes (2ª planta)
- Carretera Baños de Arteixo, s/n. Polígono Industrial de La Grela

Cuota de inscripción:

- 15 €

No se aceptarán inscripciones fuera de los plazos y horas establecidos.

La FGA y el Ayuntamiento de A Coruña, publicarán semanalmente la relación provisional de inscritos en la página web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)

### Art.9.- ENTREGA DE DORSALES E CHIP

Os dorsales e chips entregaranse na Casa da Água (Rúa Manuel Murguía de A Coruña) o venres 25 de maio de 17:00 a 21:h e o sábado 26 de maio de 11:00 a 21:00.

Todos os corredores deberán levar ben colocado o dorsal no peito e o chip na zapatilla para poder entrar nas clasificacións.

A participación sen dorsal, co correspondente a outro corredor ou con outro que non sexa o oficial da carreira está totalmente prohibida e poderá supoñer a exclusión inmediata da carreira por parte do Xurado ou membros da Organización.

### **Art.10.- DEVOLUCIÓN DOS CHIPS**

Todas as persoas inscritas na proba deberán devolver o chip ao rematar á mesma. A non devolución ou perda do mesmo implica o pago da cuota de 10 euros á organización, ou poderá implicar a acumulación dunha deuda de 10 euros para abonar na seguinte inscrición da carreira noutra edición.

### **Art.11.- PLANO E CARACTERÍSTICAS DO CIRCUÍTO**

O plano e características do circuito é o seguinte:



O percorrido estará debidamente sinalizado, é totalmente chairro e terá marcados todos os puntos quilométricos.

A carreira terá lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen utilizar ningunha zona peonil. Está prohibido o uso como zona de carreira das beirarrúas, sebes centrais, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación do infractor.

### **Art.12.- CONTROL DA CARREIRA**

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ó Xuíz Árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Estableceranse controis de paso de chips en distintos puntos do percorrido. Todo corredor que non pase por algún punto de control será descualificado.

Serán descualificados os corredores/ás que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Xurado, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

### **Art.13.- AVITUALLAMENTO**

Estableceranse puntos de avituallamento durante o percorrido e na liña de Meta para favorecer a hidratación dos participantes. Calquer avituallamento fora da zona marcada pode supoñer a descualificación da proba. Asemade se porá a disposición dos corredores contenedores suficientes para a recollida dos residuos, que son de uso obrigado, polo que a non utilización por parte dos atletas, porá supoñer a descualificación.

**Art.14.-** Os participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sin axudas materiais de ningún tipo.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á Organización. Nin bicicletas, patins ou personas non inscritas na proba que podan acompañar, avituallar ou marcar ritmos os participantes.

Asemade non se permite a participación con coches ou sillas de nenos, nen correr acompañados de éstos en ningún momento.

### **Art.15.- ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega de premios realizarase na zona próxima ao Obelisco a partir das 13:00 horas. A non presentación do propio atleta para o premio será motivo da perda do mesmo. Non se entregará o premio a nengunha persoa que non sexa o propio atleta.

### **Art.16.- SERVIZO MÉDICO E DE FISIOTERAPIA**

A proba contará cos servizos médicos regulamentados. Asemade a organización terá á disposición dos atletas un servizo de podólogos e fisioterapia, ademais de persoal

sanitario e ambulancia.

### **Art.17.- SERVIZO DE DUCHAS**

Haberá duchas para todos os participantes no Pazo dos Deportes de Riazor, así como baños portátiles na zona de saída e meta e outras partes do circuito.

### **Art.18.- SEGUROS DA PROBA**

A organización ten contratado un seguro de responsabilidade civil e accidentes para todos os atletas populares que participen.

**Art.19.-** A Organización non se fai responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os corredores/as por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o atleta declara ter realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións para realizar a proba e faíno baixo a súa responsabilidade, eximindo a organización das posibles consecuencias derivadas desta circunstancia.

**Art.20.-** Segundo o Artigo 3.4. do Regulamento das competicións autonómicas de Ruta, Pista ou Campo a Través da Real Federación Española de Atletismo, non poderán participar nesta proba atletas estranxeiros federados que non teñan licenza pola Federación Galega de Atletismo, agás no caso de atletas federados de Portugal que non fosen internacionais polo seu país nos últimos 5 anos nunha proba similar.

Asemade poderán participar atletas estranxeiros federados que sexan residentes en Galicia, debendo xustificalo coa presentación do permiso de residencia ou traballo.

En todos os casos o Organizador poderá requirir a documentación necesaria e reterá o premio mentres non sexa presentada.

**Art.21.-** Tódolos corredores/as polo feito de realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome nas clasificacións, medios de comunicación e ou internet

**Art.22.-** Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia Real Federación Española de Atletismo.

**Art.23.-** Tódolos atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir tódolos aspectos reflexados neste regulamento.